



MCL/JDA/rbr

INSTRUCCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A CIRCULAR 3/2012 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA, POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS PARA A ADMISIÓN E MATRÍCULA NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA PARA O CURSO 2012/2013

Á vista dos resultados das probas de certificación da convocatoria ordinaria de xuño de 2012 nas escolas oficiais de idiomas, e tendo en conta o número de persoas candidatas que deberán realizar ditas probas na convocatoria extraordinaria de setembro de 2012, esta dirección xeral RESOLVE dar a nova redacción seguinte aos puntos 2.6, 4.6 e 5.2 da Circular 3/2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a admisión e matrícula nas escolas oficiais de idiomas de Galicia para o curso 2012/2013, co obxecto de facilitar a matrícula do alumnado de inglés das escolas oficiais de idiomas no prazo de matrícula extraordinaria de setembro:

- “2.6. a. O día 13 de setembro, ás 23.00h, publicaranse na web as listaxes de persoas admitidas nos cursos distintos de 1º de nivel básico de todos os idiomas agás inglés, así como as adxudicacións das prazas dos grupos de 1º de nivel básico de todos os idiomas agás inglés que quedaran libres tras a adxudicación de xullo. As persoas que obteñan praza deberán formalizar a matrícula no grupo adxudicado entre o día 14 e o día 21 de setembro nas secretarías das EEOOI.
- b. No caso do idioma inglés, o día 18 de setembro ás 23:00 publicaranse na web as listaxes de persoas admitidas nos cursos distintos de 1º de nivel básico, así como as adxudicacións das prazas dos grupos de 1º de nivel básico que quedaran libres tras a adxudicación de xullo. As persoas que obteñan praza deberán formalizar a matrícula no grupo adxudicado entre os días 19 e 26 de setembro nas secretarías das EEOOI.
- c. As escolas poderán establecer horarios de atención ao público que consideren oportunos para garantir a mellor organización.”

“4.6. Para garantir a correcta tramitación das matrículas, as cualificacións correspondentes á avaliación ordinaria de xuño deberán cargarse na aplicación informática antes do día 27 de xuño; e as cualificacións



correspondentes á avaliación extraordinaria de setembro deberanse cargar antes do día 10 de setembro, a excepción do idioma inglés, no que as cualificacións se poderán cargar ata o día 12 de setembro.”

“5.2. Período de matrícula extraordinaria:

- a. O alumnado oficial da escola de todos os idiomas agás inglés coa cualificación de Apto, Non apto ou Non presentado na convocatoria extraordinaria de setembro de 2012, así como aquel alumnado apto na convocatoria de xuño de 2012 de todos os idiomas (incluído inglés) que non se tivera matriculado no período de matrícula ordinaria, deberá formalizar a súa matrícula entre o 6 e o 13 de setembro ás 14:00 horas.
- b. O alumnado de novo acceso de todos os idiomas agás inglés que obtivera praza na adxudicación do día 13 de setembro deberá formalizar a súa matrícula entre o 14 e o 21 de setembro.
- c. O alumnado oficial do idioma inglés coa cualificación de Apto, Non apto ou Non presentado na convocatoria extraordinaria de setembro de 2012, incluído o alumnado desta convocatoria procedente do programa *That's English!*, deberá formalizar a súa matrícula extraordinaria entre o 6 de setembro e o 18 de setembro ás 14:00 horas.
- d. O alumnado do idioma inglés que obtivera praza na adxudicación do día 18 de setembro deberá formalizar a súa matrícula entre o 19 de setembro e o 26 de setembro.”

Así mesmo, corríxese o seguinte erro advertido no punto 4.5 da devandita circular: onde di “no IES Antón Fraguas (Negreira)”, debe dicir “no IES Xulián Magariños (Negreira)”.

O que lle comunico para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2012.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López